

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

IES AUGA DA LAXE

Balbordo

Nº 5 – Xuño de 2005



DESPEDÍMONOS...

María Castiñeiras, 1º ESO A

Marta Álvarez, 1º ESO B

Balbordo despídese até o próximo curso. E non queremos marchar sen facer un pequeno balance das nosas dúas actividades

máis destacables: o premio Lingualaxe e os programas de radio.

Premio Lingualaxe

Este curso entregamos dous novos diplomas do premio Lingualaxe a dúas empresas de

Gondomar que utilizan o galego nas súas actividades. Foron **Kerkus Xardinería e Enxeñería e Topografía Vicente Álvarez**. Nos respectivos actos de entrega destes galardóns, celebrados no café Rañolas, contamos tamén coa actuación dos grupos de música dos alumnos de 1º e de 2º de bacharelato. O curso que vén agardamos poder seguir premiando empresas da nosa comarca que destacan polo uso do galego e contribúen así a fortalecer o proceso de normalización da nosa lingua. Para eles, os nosos parabéns e o noso recoñecemento. Para vós, o

desexo de que saibades valorar o labor que estas empresas fan.



Radio escolar

Unha parte dos alumnos do ENL *Balbordo* participamos na experiencia de realizar programas de radio no veciño IES Terra de Turonio. Temos dous grupos: o dos maiores,

que se chama *Vinte minutos de pracer*, e o dos pequenos, chamado *As sen nome*. Normalmente quedamos na casa dalgunha das do grupo para preparar o programa: levamos ideas, escollemos as que máis nos gusten, facemos un guión no ordenador, eliximos a música que queremos poñer e medimos o tempo que podemos tardar, para procurar que nos quede espazo para a música e as dedicatorias. E non hai moito máis que facer: só ir alí e ter sorte para que nos saia todo ben...

BOAS VACACIÓNS!!!

E este verán...que podo facer? Desde *Balbordo* queremos facervos algunhas propostas culturais, lúdicas, de viaxes, de natureza, de libros... para que aproveitedes dunha maneira diferente estas vacacións.

Moitas veces, ao chegar o verán, non sabemos moi ben en que ocupar o noso tempo libre. Un día e outro facendo sempre as mesmas cousas: ir á praia, saír cos amigos e amigas aos mesmos sitios que imos o resto do ano... Isto que vos ofrecemos é unha pequena axenda para que teñades en conta, para que coñezades novas cousas, para que cambiades de rolo. Iso si, sempre que se poida, en galego e desde a nosa cultura, o cal non nos impide ser cosmopolitas e abrírnos ao mundo. Que vos aproveite!

A quen lle apetece un concerto de música?

Temos uns cantos por aquí. Tomade nota: **Luar na lubre** (2 xullo, Oia); **Quempallou** (15 xullo, Matamá-Vigo); **Doa+Rosa Cedrón** (15 xullo, Baiona); **Treixadura** (23

xullo, Chapela-Redondela); **Susana Seivane** (29 xullo, Moaña); **Milladoiro** (30 xullo, Moaña); *Son de aquí* con **Treixadura, Leilía, Quico Cadaval** e os títeres de **Tanxarina** (15 agosto, Baiona).

Recomendamos ademais outros tres concertos: jazz de alto nivel con **Stanley Clarke, Bela Fleck** e **Jean Luc Ponty** (3 xullo, Caixanova-Vigo); **Chico César** e **Ray Lema** (24 xullo, Santiago) e **Carlinhos Brown** (17 agosto, Pontevedra).

Facemos unha viaxe, escoitamos música, imos de acampada e estamos con amigos? Pois podemos ir ao Festival do Mundo Celta de Ortigueira. Será do 7



ao 10 de xullo. Os días fortes serán o sábado 9, con **Luar na Lubre, Radio Tarifa** e o grupo celta máis potente da actualidade, **Lunasa**; e o domingo 10 con **Phil Cunningham** e **Aly Bain**(Escocia), **I Muvrini** (Córcega), **Romano Drom** (Hungría) e **Os Diplomáticos**. Ortigueira dispón dunha ampla zona de acampada libre a carón da praia de Morouzos. Esta zona conta con iluminación nocturna, servizo de recollida de lixo, aseos e duchas, zona para cocinar... Ademais, o festival complementase durante o día con feira de artesanía, exposicións, obradoiros de baile tradicional irlandés... Animádevos!

Queredes ir máis lonxe?

Que tal un paseo pola Bretaña francesa? Podemos aproveitar o festival intercéltico de Lorient do 5 ao 14 de agosto para visitar uns lugares maravillosos. Na parte musical, especial atención merece o concerto de **Yann Tiersen** o 5 de agosto. Este multiinstrumentista francés é o autor, entre outras, das bandas sonoras de *Amelie* e *Goodbye, Lenin*.

Se o que vos gusta é **o teatro e o cine**, estade atentos ás propostas ao aire libre que ofertarán os concellos de Gondomar, Nigrán, Baiona e Vigo. Para nenos máis pequenos, prográmanse sempre dúas semanas en Vigo (1ª quincena de agosto) con teatro infantil e monicreques. Especialmente recomendable en cine é que levedes os vosos irmáns pequenos a ver *O soño dunha noite de San Xoán* por ser unha película de animación feita en Galicia e unha das poucas que os nenos poden desfrutar en galego.

Preferides contemplar un espectáculo bravo, unha festa de singular beleza? Pois o 3 de xullo tedes a **Rapa das Bestas** no Curro de Sabucedo (A Estrada- Pontevedra) e podedes aproveitar para visitar as fervenzas do río Toxa un pouco máis alá.

Se o voso é a **bici ou o sendeirismo**, tedes innumerables roteiras para facer polos montes cercanos. Por exemplo, un **roteiro en bici polas Pozas de Mougás (Oia) para rematar nos Muíños do Folón (O Rosal)**; son aproximadamente 50 quilómetros que combinan vistas da costa, tramos de monte duros,... Podedes tardar unhas seis horas e é para xente con experiencia na bici e fondo físico.



Tamén podedes ir ata O Rosal e alí facer un percorrido circular dunhas tres horas camiñando visitando os Muíños (proposta para máis tranquilos).

E se o voso é estar na praia e queredes **facer deporte**, estade atentos aos diferentes torneos que haberá en Praia América e Baiona de fútbol praia, volei praia e raquetas de praia. O importante é participar e pasalo ben.

E que tal **algo de literatura**? Se vos gustan as aventuras fantásticas, podedes meterlle o dente a **O brindo de ouro. I. A chamada do Brindo**, de Xesús M. Marcos, unha novela na que o heroísmo e a maxia teñen un papel relevante. Se o voso son as historias máis realistas, nas que os sentimentos e as relacións humanas son as protagonistas, recomendámosvos **Todo vai ir ben**, de Silvestre Gómez Xurxo, unha novela que conta a historia dunha adolescente que ten que compartir o sufrimento e a loita contra unha enfermidade grave da súa nai. E se queredes unha novela de fondo histórico que nos achega de maneira directa e intensa ao drama da guerra civil, propoñémosvos **Os últimos fuxidos**, de Xosé Fernández Ferreiro, o mesmo autor de **Agosto do 36**.

En calquera caso, aproveitade o verán, que pasa rápido e setembro chega nun chiscar de ollos. Vémonos por aí e boas vacacións. Adeus!

A PROGRAMACIÓN CULTURAL DO VERÁN EN GANDOMAR

MÚSICA

Xullo

Día 15: Iván Ferreiro
Día 16: Xosé Manuel Budiño
Día 20: Ballet Rei de Viana
Día 22: Os Cempés
Día 23: Nao d'ire

Agosto

Día 12: Kepa Junquera
Día 15: Festival Internacional de Danzas Folclóricas

MONICREQUES

Agosto

Día 9: Falcatrúa
Día 10: Art
Día 11: Tanxarina

CINE

Do 2 ao 6 de agosto: CINE AO AIRE LIBRE
(*Shrek 2, Os increíbles, Big Fish, Sky Captain*)

ENTREVISTA

Como saberedes, en *Vichelocrego Teatro*, os teatreiros do noso instituto, hai un grupo de adultos e outro de alumnos. Como nos interesan moito esas outras cousas que fan os nosos compañeiros e compañeiras, quixemos saber máis sobre os rapaces e rapazas que forman parte de *Vichelocrego Teatro*. Como son moitos e non podiamos entrevistalos a todos, decidimos escoller a unha das veteranas, Stephanie Nicole, e un dos de recente incorporación, Alberto.

Marta Parada, 2º ESO B

Stephanie Nicole, 4º ESO B

Balbordo: Cantos anos levas no grupo?

N: Comecei co grupo cando estaba en 1º da ESO, é dicir, levo catro anos.

B : Lembras algunha anécdota que che pasara no escenario?

N: Lembro, si. Unha vez, antes de saír a escena, os meus compañeiros comezaron a dicir o seu texto en voz alta; eu non o fixen porque o sabía ben, pero ao saír púxenme tan nerviosa que non o lembraba e comecei a dicir o texto dunha compañeira durante un anaco. Por sorte unha persoa lembroume o comezo do meu texto e xa puíden continuar eu.

B: En que montaxes participaches?

N : Fixemos *El auto de los reyes magos*, *Alicia no país das maravillas*, *O achado do castro* e *O romance de Micomicón e Adelala*.

B: Cal foi o personaxe que interpretaches que máis che gustou?

N : Foi o da obra de *Alicia no país das maravillas*; eu era Alicia , a protagonista!!!!

B: Que personaxe fas este ano?

N: O de maese Pedro; gústame, pero é algo complicado de facer porque teño que trocar a voz e ás veces quedo rouca en medio da obra.

B: Pasas vergoña no escenario?

N: Moita!!!! Ademais, pñoome moi nerviosa antes de saír á escena.

B: Por que che gusta o teatro?

N : Porque me gusta deixar de ser eu por un momento e poder poñerme no papel doutra persoa. Ademais cada vez que interpretas un personaxe, en calquera obra, é gracioso comezar a pórilles uns xestos para podelos imaxinar, pensar como é ese personaxe e non como es ti.

Alberto Suárez, 2º ESO B

Balbordo: Por que decidiches entrar no grupo de teatro?

Alberto: Porque me gustaba.

B: Fixeras anteriormente teatro?

A: Si, cando estaba en Primaria.

B: Que obra preparades este ano?

A: *El retablo de maese Pedro y el mono adivino*.

B: Que personaxe representas? Gústache?

A: O de trujaman, e gústame porque é moi divertido.

B: Cústache aprender os textos?

A: Depende de cómo sexan.

B: Pasas moita vergoña no escenario?

A: Non, porque non teño moito sentido do ridículo e sempre estou facendo o parvo.

B: Por que che gusta o teatro?

A: Non sei, gústame, e xa está. Ademais gústame facer o parvo.

B: Cando foi a túa primeira interpretación, que personaxe facías?

A: Foi cando tiña 11 anos e fixen de ladrón.

